



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A APLICACIÓN DAS TARXETA DA MOBILIDADE DE GALICIA (TMG e TMG XENTE NOVA)

REUNIDOS:

D. Ignacio Maestro Saavedra, director xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, en representación da devandita Consellería, actuando por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, consonte co establecido no Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en relación coa Orde do 7 de setembro de 2017 de delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos (DOG 20/06/2017).

D. Jorge Martínez Martínez, con NIF nº 36070987H e D. José Lino Comesaña Calvo, con NIF nº 36041545Q, en nome e representación da entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (no sucesivo, ABANCA), en virtude do establecido nas copias das escrituras de solemnización de acordos e apoderamento, outorgadas ante os notarios Francisco Manuel Ordoñez Armán e José Piñeiro Prieto, respectivamente.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

O transporte público colectivo de persoas non só se configura como servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación.

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, un dos eixes de actuación prioritarios é o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias e o establecemento de sistemas de información e pagamento que contribúan á promoción da súa utilización recorrente, para o que a Xunta de Galicia, xunto inicialmente cos concellos participantes no Plan de transporte metropolitano de Galicia, impulsou o desenvolvemento e implantación dunha tarxeta moedeiro sen contactos para a súa utilización no sistema de transporte público, a TMG.



Para o impulso desta actuación, a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a entidade, tamén entón, Caixa Galicia, formalizaron o 10 de abril de 2008 un convenio de colaboración para a mellora do sistema de pagamentos do transporte metropolitano de Galicia. No marco deste convenio de colaboración, as partes implantaron a tarxeta moedeiro sen contactos TMG, que veu substituír ás tarxetas con contactos que foran emitidas previamente nun marco de colaboración análogo impulsado entre ambas partes.

E con este mesmo obxectivo de impulsar a utilización do transporte público, de xeito singular entre a mocidade, a Xunta de Galicia procedeu á implantación da tarifa Xente Nova, e da Tarxeta TMG Xente Nova como instrumento para a súa xestión, para o que o 3 de agosto de 2016, a entón Consellería de Infraestruturas e Vivenda e ABANCA subscribiron un convenio de colaboración que tiña por obxecto establecer as bases de colaboración para a aplicación de bonificacións ás persoas con idades comprendidas entre os 4 anos e os 18 anos de idade, inclusive, no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

Con posterioridade, a Orde do 18 de decembro de 2019 pola que se regula a tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, publicada no DOG nº 248, do 31 de decembro de 2019, ampliou o ámbito de idade das persoas beneficiarias ata os 20 anos incluídos e, ademais, preveu a expansión territorial da tarifa Xente Nova mediante unha planificación programada das sucesivas ampliacións do seu ámbito territorial de aplicación ata abranger a totalidade da Comunidade Autónoma, procedemento que, superadas os principais efectos do COVID-19, culminaría no mes de maio de 2021. Ademais, esta ampliación territorial do ámbito de aplicación resultaba, por outra parte, coherente coa ampliación igualmente a todos os servizos públicos de transporte de Galicia da posibilidade de utilización da tarxeta TMG.

A expansión do ámbito de aplicación da tarifa Xente Nova ao conxunto da Comunidade Autónoma e a previsión por parte da Xunta de Galicia do establecemento da Área de Transporte de Galicia, logo da implantación dos novos contratos de concesión de servizos públicos de transporte previstos no Plan de Transporte Público de Galicia, e sen prexuízo dos proxectos tecnolóxicos que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a impulsar xunto coa AMTEGA, leva a que, ata a implantación dos ditos proxectos, resulte necesario garantir a continuidade das accións de promoción do transporte público colectivo vinculadas á utilización das tarxetas TMG e TMG Xente Nova, e a súa adaptación á evolución da propia tecnoloxía.

Deste modo, o principal obxectivo que se persegue coa sinatura deste novo Convenio é manter a liña de colaboración existente entre as partes





asinantes, incorporando compromisos de evolución do sistema tecnolóxico asociado, a TMG e a TMG Xente Nova, que faciliten a súa adaptación á evolución das tecnoloxías e da propia mobilidade, co obxectivo final de garantir a continuidade das accións de promoción do transporte público colectivo e o fomento da mobilidade sostible cara a implantación da Área de Transporte de Galicia, de xeito transitorio ata a concreción dos novos modelos en desenvolvemento.

Deste xeito, no presente convenio recóllense actuacións dirixidas estritamente ao mantemento do actual sistema de pagamentos que xa fora obxecto de convenios de colaboración anteriores entre as mesmas partes, como as relacionadas coa garantía da subministración ás persoas usuarias das tarxetas TMG e TMG Xente Nova a prezos bonificados; xunto con actuacións e desenvolvementos tecnolóxicos a acometer con ABANCA no marco da dixitalización da mobilidade urbana e interurbana que se estiman necesarios para manter unha oferta razoable en termos tecnolóxicos no marco dos sistemas dos que actualmente se dispón, o que contribuirá á mellora da calidade do servizo de transporte, a mellora da súa accesibilidade e á maior eficiencia na planificación da mobilidade grazas ás ferramentas dixitais.

A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano da administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á implantación de plans de fomento do transporte público. O artigo 82.4 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación prevé a posibilidade de que poida establecerse e xestionarse no marco do sistema de transporte público bonificacións adicionais promovidas pola propia administración titular do servizo na prestación do servizo ao colectivo ao que dirixan a súa actuación.

ABANCA é unha entidade xurdida en setembro de 2011 (inicialmente co nome de NCG Banco, S.A.) como froito da segregación do negocio bancario de Novacaixagalicia, entidade que á súa vez nacera en decembro de 2010 da fusión entre Caixanova e Caixa Galicia. Deste xeito, ABANCA configúrase como a sucesora da actividade desta última, e subrógase na posición dela nas relacións xurídicas que establecece.

Trátase da única entidade bancaria que manifestou o seu interese por adaptarse ás condicións esixidas para o funcionamento da TMG e TMG Xente Nova, se ben a posibilidade de participación por parte doutras entidades bancarias que o desexen segue aberta.





De conformidade co exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas e desenvolvementos tecnolóxicos que permitan o mantemento e consolidación da aplicación das bonificacións tarifarias no transporte público colectivo respecto da TMG e da TMG Xente Nova (persoas con idades comprendidas entre os 4 e os 20 anos inclusive), polo que

ACORDAN

Asinar este documento, e obrigarse reciprocamente ao seu cumprimento, de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente acordo ten por obxecto:

- a) Renovar as bases de colaboración entre as partes asinantes para a aplicación de bonificacións ás persoas usuarias das tarxetas da mobilidade de Galicia, TMG e TMG Xente Nova, logo da consolidación da expansión do seu ámbito de aplicación ao conxunto do territorio galego.
- b) Garantir a dispoñibilidade por parte de ABANCA de tarxetas TMG e TMG Xente Nova para a súa comercialización a prezos bonificados.
- c) Programar a realización de actuacións e desenvolvementos tecnolóxicos necesarios para manter unha oferta de funcionalidades atractiva e actualizada para as persoas usuarias.

Segunda.- Condicións relativas á adquisición das Tarxetas da Mobilidade de Galicia (TMG) e TMG Xente Nova (TMGXN)

1.- Mediante a formalización do presente convenio de colaboración, a entidade ABANCA comprométese a dotar do conxunto de tarxetas TMG e TMGXN que son obxecto de bonificación a través de convenios de colaboración concertados entre as partes con antelación, nun mínimo 190.000 tarxetas TMG e 102.000 tarxetas TMGXN, para a súa distribución aos prezos bonificados que se indican no parágrafo seguinte.

Agás acordo noutro sentido por parte da Comisión de Seguimento do presente convenio logo da tramitación contable que, se fose o caso,





resultase precisa, as ditas tarxetas serán subministradas ás persoas usuarias ao prezo bonificado, de 2 euros a TMG, e de xeito gratuíto a TMG Xente Nova.

As partes acordan que, para os efectos da aplicación da compensación que se prevé neste apartado, considérase un prezo máximo de adquisición 2,84 € por TMG e 3,15 € por TMGXN, asumindo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a obriga de abonar a ABANCA a diferenza entre o custo final de adquisición que tivesen as correspondentes tarxetas, que soportase ABANCA, e o prezo de subministración establecido, **cun importe máximo, en todo caso, de 463.432 €.**

2.- As contías asumidas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aboaranse no exercicio 2022 con cargo á aplicación orzamentaria 2022.09.02.512A.470.1, para o que ABANCA deberá certificar e xustificar contablemente a dispoñibilidade das referidas tarxetas para a súa expedición ás persoas usuarias, así como o prezo finalmente aboado por elas. O importe que se abonará pola Dirección Xeral de Mobilidade, logo da presentación da anterior xustificación por parte de ABANCA, será o resultante de aplicar ao prezo de adquisición, co límite do prezo máximo antes indicado, o prezo bonificado de distribución que corresponda a cada tipo de tarxeta.

Para tales efectos, a xustificación da correspondente dispoñibilidade e prezo de adquisición a realizar por ABANCA deberá ter entrada na Dirección Xeral de Mobilidade non máis tarde do 1 de decembro de 2022, renunciando ABANCA a calquera compensación derivada da súa adquisición e posta a disposición para a súa comercialización nos referidos importes bonificados no caso de non aportar a dita xustificación no referido prazo.

Terceira.- Xestión da emisión das Tarxetas da Mobilidade de Galicia (TMG e TMG Xente Nova)

a) Emisión da tarxeta

Pode ser titular da tarxeta TMG calquera persoa que a solicite nunha das oficinas da entidade ABANCA habilitadas para a súa distribución. Agás o pagamento do custe de adquisición bonificado de aplicación e a mera identificación da persoa solicitante mediante un medio de identificación persoal válido, como o DNI ou tarxeta de residente, non se requirirá para a dita adquisición nin a concertación de cita previa nin ningún outro requisito ou condición.

Adicionalmente, as persoas con idade comprendida entre os 4 e os 20 anos, incluídos, poderá ser titular dunha tarxeta TMG Xente Nova. Igualmente, a Dirección Xeral de Mobilidade poderá acordar, de xeito global, o outorgamento dunha TMG Xente Nova a favor de persoas usuarias abrangidas noutros abanos de idade cando así se prevea na normativa





reguladora da tarifa Xente Nova, suposto no que ABANCA deberá realizar as adaptacións precisas para facilitar a dita distribución.

A emisión da tarxeta realizarase nas oficinas de ABANCA distribuidoras de TMG relacionadas no **Anexo I** deste Convenio, que foron acordadas entre a Consellería e ABANCA. Para organizar a xestión da TMG Xente Nova, ABANCA dispón unha aplicación informática que facilitará ás persoas interesadas a solicitude dunha cita previa para a xestión das altas de tarxetas en calquera das oficinas expendedoras. O acceso á aplicación informática de cita previa realizarase mediante un enlace directo dende a páxina web da Xunta de Galicia na que se dea información da TMG Xente Nova, para o que a Xunta de Galicia disporá dunha denominación desta páxina web específica de doada identificación. Para aquelas persoas usuarias que non dispoñan da aplicación informática de ABANCA estarán habilitadas as oficinas que se indican igualmente no anexo, nas que poderán obter a TMG Xente Nova de modo presencial.

Para a obtención dunha tarxeta TMG, ABANCA debe comprobar os datos de identidade da persoa interesada mediante documentos oficiais válidos para tal efecto, como o DNI ou a tarxeta de residente, formalizando o correspondente contrato coa persoa interesada; igualmente, poderá solicitar a identificación dun domicilio para efectos de notificacións, así como, estes sen carácter de requisitos esenciais, un teléfono e un enderezo de correo electrónico. Agás que por parte da Comisión de Seguimento do presente convenio se lle autorice de xeito expreso á solicitude doutros datos ou documentos, ABANCA absterase de solicitar ningunha información ou documentación adicional ás persoas interesadas.

Para poder dispoñer dunha TMG Xente Nova, as persoas interesadas deberán dispoñer e presentar na oficina distribuidora de DNI, NIF, pasaporte, NIE, tarxeta de residente ou outro documento análogo da persoa a favor da que se vaia expedir a tarxeta, que acredite a súa idade e identidade, elementos que serán verificados por ABANCA, quen verificará igualmente que a mesma persoa titular non posúe xa outra TMG Xente Nova previamente expedida. Respecto das persoas menores de idade, o contrato deberá ser asinado polo representante legal ou persoa titora, debendo achegar o libro de familia ou documento análogo que acredite a patria potestade ou tutela da persoa que actúe na súa representación, así como o DNI ou documentos análogos desta persoa representante.

ABANCA dixitalizará a documentación achegada, e os ficheiros deben estar dispoñibles en formato pdf ou jpg. Esta información será almacenada e custodiada por ABANCA, quen deberá remitir a que lle sexa requirida pola Dirección Xeral de Mobilidade no prazo de 72 horas dende a data de petición.





ABANCA remitirá diariamente a información relativa á xestión das tarxetas (altas, baixas, substitucións) en formato alfanumérico vía Editran. Esta información será transferida á aplicación *TARSOC* da Xunta de Galicia.

b) Substitución das tarxetas

As substitucións das tarxeta durante o período de garantía debidas a problemas de funcionamento que non sexan consecuencia dunha mala utilización ou conservación polas persoas usuarias, serán gratuítas.

As substitucións da tarxeta que non estean comprendidas na garantía terán un custo de emisión para as persoas usuarias de 2 €; ABANCA remitirá anualmente á Dirección Xeral de Mobilidade, non máis tarde do 5 de novembro, un listado das tarxetas TMGXN distribuídas nas que se cobrase ás persoas interesadas este importe, correspondentes ao período de 12 meses inmediatamente anteriores, importe que se deducirá da remesa de recargas inmediatamente posterior que realice a Administración. Sen prexuízo do anterior, o listado a remitir por ABANCA no presente exercicio abranguerá o conxunto de tarxetas emitidas dende a posta en operativa da TMGXN, dando lugar ás correspondentes deducións. No suposto de omisión da remisión dos listados indicados neste apartado no prazo sinalado, a Administración terá dereito a deducir por este concepto un importe equivalente ao correspondente ao 8% do conxunto de tarxetas TMGXN dadas de alta no correspondente período.

c) Expiración das tarxetas

As tarxetas TMG e TMG Xente Nova serán expedidas sen data de expiración definida.

Non obstante, e e canto á TMG Xente Nova, cando a persoa titular cumpra a idade a partir da que perda o dereito a beneficiarse da tarifa Xente Nova, ABANCA bloqueará a tarxeta para a admisión de calquera recarga que non sexa remitida pola Administración, sen prexuízo da posibilidade de seguir empregando a tarxeta coas tarifas ordinarias que resulten de aplicación para un pagamento coa TMG, ata o esgotamento do saldo dispoñible.

O saldo da TMG Xente Nova poderá transferirse a unha tarxeta de uso xeral (TMG) para o seu consumo en transporte. Esta operación só pode efectuarse respecto da mesma persoa titular e sempre que esta non reúna os requisitos para poder beneficiarse dunha TMG Xente Nova.

Aínda que con carácter xeral non se prevé a posibilidade de recuperación en efectivo do saldo das tarxetas TMG e TMGXN, a Administración poderá autorizar o dito reintegro de xeito singular, atendendo ás circunstancias concretas do caso, tales como erros manifestos no momento de realización da recarga, supostos de necesidade económica da persoa titular, ou análogos.





d) Perda ou subtracción das tarxetas

No suposto de perda ou subtracción de calquera das tarxetas, será obriga da súa persoa titular, ou da persoa que a represente, a comunicación deste feito á ABANCA. Nos casos de perda ou subtracción, ABANCA procederá á baixa da tarxeta, co que non resultará posible realizar operacións de recarga nela, logo do que poderá solicitarse a expedición dunha nova TMG ou TMG Xente Nova consonte co previsto para os supostos de substitución. Nestes caso non xurdirá dereito a devolución nin traspaso de saldo a nova tarxeta, aínda que no caso da TMG Xente Nova si procedería o abono das recargas por bonificacións que correspondan á mesma persoa directamente na nova tarxeta TMG Xente Nova.

Non se expedirá unha nova TMG nin TMG Xente Nova en substitución daquelas que fosen anuladas por incumprir os deberes que corresponden ás persoas titulares e, especificamente, as que fosen anuladas pola súa utilización por persoa diferente da súa titular sen comunicación previa da súa subtracción ou perda.

Cuarta.- Tarifas e bonificacións aplicables nas Tarxetas da Mobilidade de Galicia

1.- Con periodicidade máxima quincenal, ABANCA abonará ás empresas os importes correspondentes aos descontos aplicados directamente no saldo das tarxetas, logo do correspondente procesamento e validación das colectas.

2.- En canto aos pagamentos de compensacións tarifarias, e de xeito específico, respecto das TMG Xente Nova dadas de alta na aplicación *TARSOC* co perfil TMG Xente Nova, a información correspondente ás viaxes pagadas con estas tarxetas procesarase quincenalmente para calcular os datos dos importes a reintegrar que deben operar respecto de cada tarxeta. O proceso de cálculo realizarase o día 1 e o día 16 de cada mes, respecto das viaxes realizadas na primeira e na segunda quincena, respectivamente, do mes anterior. Os ficheiros informáticos relativos aos reintegros que procede efectuar respecto de cada TMG Xente Nova (remesas) serán remitidos a ABANCA. ABANCA debe poñer a disposición dos titulares das tarxetas os importes reintegrados para a súa aceptación nos caixeiros por parte destes o día 5 de cada mes (respecto das viaxes realizadas na primeira quincena do mes anterior) e o día 20 de cada mes (respecto das viaxes realizadas na segunda quincena do mes anterior).

A partir dese momento, as persoas usuarias dispoñen dun prazo de dous meses para aceptar o reintegro, caducando a recarga e perdendo o dereito a percibila de non o facer. As persoas titulares poden consultar o estado das súas recargas no enlace: <http://tmg.xunta.gal/consulta-tarxeta>. ABANCA





remitirá á Xunta de Galicia os ficheiros relativos ás recargas caducadas, a cal minorará o crédito na parte non disposta nas seguintes liquidacións quincenais a remitir a ABANCA.

Quinta.- Títulos de viaxe válidos para beneficiarse das bonificacións e da tarifa Xente Nova

Para os efectos da aplicación das bonificacións e da tarifa Xente Nova só serán válidos como título da viaxe a TMG e a TMG Xente Nova, respectivamente.

A TMG e a TMG Xente Nova será de uso exclusivo da persoa titular, quen se responsabiliza da súa custodia e correcto uso, estando obrigada a comunicar á ABANCA a súa perda ou deterioro para proceder á súa anulación ou substitución.

Sexta.-Adaptacións e desenvolvementos tecnolóxicos

1. Tendo en conta a evolución tecnolóxica, os participantes no presente convenio estiman preciso garantir a adaptación da TMG e da TMG Xente Nova, facilitando certas operativas vinculadas coas mesmas.

Neste sentido, ABANCA comprométese a desenvolver no ano 2022 as seguintes funcionalidades:

1. Devolución do saldo existente nas tarxetas

Asimilarase o funcionamento da TMG Xente Nova á TMG para poder recuperar o saldo residual dunha tarxeta cancelada.

Para a execución deste desenvolvemento, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade comprométese a realizar unha achega de ata 7.500€.

2. Recarga de abonos pendentes nas máquinas canceladoras (recarga *online* en lector con contactos)

A través deste desenvolvemento habilitarase a recarga dos abonos pendentes por parte da persoa usuaria, ademais de nos caixeiros de ABANCA, directamente nas propias máquinas.

Para a execución deste desenvolvemento, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade comprométese a realizar unha achega de ata 75.000 €.

O alcance funcional dos anteriores desenvolvementos deberá ser validado pola Comisión de Seguimento, por unanimidade dos seus integrantes, sen que os ditos acordos poidan supoñer, en ningún caso, un incremento da achega a realizar pola Administración.





Sen prexuízo do anterior, ABANCA manterá o soporte de asistencia as entidades encargadas do desenvolvemento de máquinas canceladoras durante os procesos de adaptación destes sistemas que deban levar a cabo, en principio, durante o período estimado de dous meses dende a conclusión dos traballos de desenvolvemento previstos neste apartado, sen prexuízo de que a Comisión de Seguimento poida acordar, por unanimidade dos seus integrantes, unha ampliación do dito prazo.

2. Os importes correspondentes aos desenvolvementos que se prevén nesta cláusula, que teñen o carácter de máximos, serán abonados por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade logo da certificación por parte de ABANCA da súa completa realización e da xustificación do correspondente gasto, incluído, no seu caso, o gasto no que se incorrera con medios propios, certificación e xustificación que terá que ser remitida á Dirección Xeral de Mobilidade non máis tarde do 20 de decembro de 2022.

Sétima.- Homologación de máquinas canceladoras

A introdución das adaptacións e evolucións ás que se fai referencia neste convenio, así como outras modificacións no sistema de transporte público que puidese acordar a Administración, requiren ou poden requirir de adaptacións nos sistemas de cancelación a bordo dos vehículos.

Se como consecuencia das ditas adaptacións dos sistemas de cancelación se introducen alteracións que afecten, directa ou indirectamente, ao procedemento de lectura e consumo que estas fan nas tarxetas, ou a calquera outra interferencia con elas, requirirase dun novo proceso de homologación que garanta o axeitado funcionamento do sistema.

Esta mesma necesidade de homologación pode ser debida ao interese de calquera provedor destes sistemas na homologación e comercialización dunha novo sistema de cancelación ou a evolución dun xa existente.

Coherentemente co anterior, ABANCA asume o compromiso de efectuar a homologación financeira de cantos sistemas de cancelación se lle presenten para o efecto, logo de superar unha homologación funcional previa por parte da Administración.

Igualmente, ABANCA asume o compromiso de elaborar un plan de probas, que porá ao dispor das entidades interesadas na dita homologación, e que tamén porá en coñecemento da Administración.

Finalmente, ABANCA asume o compromiso de realizar sen custe para o promotor do novo equipamento ata dous intentos de homologación por sistema. No caso de que logo deses dous primeiros intentos non se superase a batería de probas deseñada, ABANCA poderá cobrar do promotor da homologación o importe de ata 2.000 euros polo terceiro e, no seu caso, polo





cuarto novo intento, e o de 1.000 euros por cada intento adicional de homologación. De cada intento de homologación no que esta non se acade, ABANCA expedirá un informe xustificativo das probas que non fosen superadas ou, de se tratar de probas secuenciais, daquela na que se interrompese o proceso; con carácter xeral, en cada novo intento de homologación ABANCA executará o plan de probas completo.

Oitava.- Outras obrigas asumidas por ABANCA

- 1.- Xestionar as altas, baixas, substitucións e expiracións das TMG Xente Nova, previa verificación dos datos relativos á idade e identidade. Cada persoa beneficiaria debe dispoñer dun contrato individual de TMG Xente Nova asinado coa entidade bancaria colaboradora. No caso de menores de idade, o contrato será subscrito por algún dos proxenitores ou persoa titora.
- 2.- ABANCA deberá dixitalizar a documentación achegada e os ficheiros deben estar dispoñibles en formato pdf ou jpg. Esta información será almacenada e custodiada por ABANCA quen deberá remitir a que lle sexa requirida pola Dirección Xeral de Mobilidade no prazo de 72 horas dende a data de petición.
- 3.- ABANCA remitirá diariamente a información relativa á xestión das tarxetas (altas, baixas e substitucións) en formato alfanumérico vía Editran. Esta información será transferida á aplicación Social da Xunta de Galicia.
- 4.- ABANCA debe remitir a información que identifique todas as precargas da TMG Xente Nova (por nova emisión ou reintegro) que permita identificar o seu estado (pendente, caducada, cobrada).
- 5.- ABANCA debe poñer a disposición das persoas titulares das TMG Xente Nova os reintegros remitidos pola Administración os días 5 e 20 de cada mes natural.
- 6.- ABANCA debe por a disposición das persoas usuarias toda a documentación en dobre versión lingüística, en galego e castelán.

Novena.- Obrigas asumidas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Dirección Xeral de Mobilidade)

Abonar a ABANCA os importes correspondentes as tarxetas adquiridas por esta entidade e tramitar os abonos dos importes correspondentes aos reintegros para materializar a tarifa aplicable ao colectivo Xente Nova, así como aquelas outras bonificacións análogas establecidas no eido do transporte metropolitano ou, no seu caso, nos contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral; e remitir os ficheiros ou remesas correspondentes aos mesmos a ABANCA para a súa posta a





disposición das persoas titulares da TMG Xente Nova ou da TMG xeral, segundo o caso.

Estes pagamentos serán abonados consonte co que se estableza na normativa reguladora da tarifa Xente Nova, nos contratos de concesión de servizos públicos de transporte dos que traian causa, ou naqueles outros convenios de colaboración nos que se prevea o pagamento ás persoas usuarias dos servizos públicos de transporte de bonificacións derivadas da súa utilización, como as bonificacións sociais ou a bonificación por recorrencia no eido do transporte metropolitano.

Promover a utilización da aplicación de cita previa desenvolta por ABANCA á que se fai referencia na letra a) da cláusula terceira deste Convenio, na publicidade institucional da TMG Xente Nova. Igualmente, incluírá na páxina web da Xunta de Galicia referida a esta tarxeta a información destacada referente á indicada aplicación e un enlace directo á mesma.

Décima.- Crédito e aplicación orzamentaria

As obrigas económicas establecidas con base neste Convenio acadan o importe de **545.932 euros** que serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.512A.470.1 da Xunta de Galicia no exercicio 2022.

Décimo primeira.- Deber de confidencialidade

1. Cada unha das partes comprométese a cumprir, no ámbito de execución do presente Convenio, coas obrigas e deberes que respectivamente lles correspondan, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, "RXP"), así coma na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, "LOPDXDD") e en calquera normas aplicables ou que no futuro poidan promulgarse en desenvolvemento da anterior.

2. Aos efectos do disposto neste Convenio en relación coa xestión das tarxetas TMG e TMG Xente Nova, ABANCA terá acceso a datos de persoas físicas de cuxo tratamento é responsable a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos establecidos na lexislación vixente. ABANCA levará a cabo o acceso aos datos persoais na súa condición de Encargada do Tratamento, segundo o establecido no artigo 28 do RXP e con suxeición ao réxime que se establece a continuación:

- a. Tratar os datos persoais aos que teña acceso seguindo as instrucións do responsable do tratamento, inclusive respecto ás transferencias





internacionais de datos a un terceiro país ou organización internacional, salvo que estea obrigada a realizalas en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros. Se ABANCA considera que algunha das instrucións indicadas polo responsable do tratamento infrinxe o RXPd ou calquera outra disposición en materia de protección de datos, esta informará inmediatamente ao responsable do tratamento.

- b. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, unicamente coa finalidade obxecto de este encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- c. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.
- d. Gardar, baixo o seu control e custodia os datos persoais obxecto de tratamento e non divulgarlos, transferilos ou, de calquera outra forma, comunicalos, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, salvo que conte coa autorización do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.
- e. Levar, por escrito, un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable do tratamento, segundo o disposto no artigo 30.2 do RXPd.
- f. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización de avaliacións de impacto relativas á protección de datos e de consultas previas á autoridade de control cando, conforme a normativa de protección de datos, resulte necesario.
- g. Designar, cando cumpra, un delegado de protección de datos e comunicar os seus datos de contacto ao responsable do tratamento. A estes efectos, faise constar que ABANCA conta cun delegado de protección de datos, formalmente designado, co que o responsable do tratamento pode poñerse en contacto a través da dirección privacidad@abanca.com.
- h. Implantar as medidas de seguridade e mecanismos establecidos no artigo 32 do RXPd.
- i. Notificar ao responsable do tratamento, sen dilación indebida e, en todo caso no prazo máximo de corenta e oito (48) horas as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia. Esta notificación non será necesaria cando sexa improbable que a devandita violación de seguridade constitúa un risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas afectadas.





- j. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos dos interesados. Neste senso, ABANCA dará traslado da correspondente solicitude de forma inmediata ao responsable do tratamento e, en todo caso, no prazo máximo de cinco (5) días hábiles dende a súa recepción para que o responsable do tratamento resolva a solicitude.
- k. En relación co deber de información esixido polo RXPd, ABANCA, no momento de recollida dos datos, debe facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar. A redacción e formato en que se facilitará a información deberase consensuar co responsable do tratamento antes do inicio de recollida dos datos.
- l. Devolver ao responsable do tratamento os datos persoais unha vez finalizado o presente Convenio. Con todo, ABANCA poderá conservar os datos e a información tratada, debidamente bloqueada, no caso de que puideran derivarse responsabilidades na súa relación co responsable do tratamento. Transcorrido o prazo de prescrición das accións que motivaron a conservación dos datos, ABANCA deberá proceder a súa destrución.
- m. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste Convenio que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos realizados por ABANCA.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar previamente e por escrito ó responsable do tratamento cunha antelación de quince (15) días, indicando os tratamentos que se pretenden subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca á empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderase levar a cabo se o responsable do tratamento non manifesta a súa oposición no citado prazo.

O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir coas obrigas establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable do tratamento. Corresponde ó encargado inicial regular a nova relación de xeito que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade, etc.) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable do tratamento no referente ao cumprimento destas obrigas.





- n. Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal ós que tivera acceso con motivo do presente encargo, incluso despois de finalizado este.

A natureza e finalidade do tratamento de datos que ABANCA realizará, así coma o tipo de datos persoais e categorías de interesados a que o devandito tratamento se refire, recóllense a continuación:

TRATAMENTOS A REALIZAR	☐ Recollida ☐ Rexistro ☐ Estruturación ☐ Modificación ☐ Conservación ☐ Extracción ☐ Consulta ☐ Comunicación por transmisión ☐ Difusión ☐ Interconexión ☐ Cotexo ☐ Limitación ☐ Supresión ☐ Destrución ☐ Conservación ⊗ Outros: Tratamento dos abonos a realizar nas Tarxetas de transporte TMG e TMG XENTE NOVA mediante os denominados "abonos de recorrencia" a cobrar desde os caixeiros automáticos; e tratamento das posibles deducións a realizar nesas Tarxetas.....
FINALIDADE DO TRATAMENTO	⊗ Xestión dos abonos e eventuais deducións indicadas pola Administración respecto das Tarxetas TMG e TMG XENTE NOVA da Xunta de Galicia
TIPOLOXÍA DE DATOS	☐ Datos de carácter identificativo ☐ Características persoais ☐ Datos académicos e profesionais ☐ Circunstancias sociais ☐ Económicos, financeiros ou de seguros ☐ Categorias especiais de datos ⊗ Outros: Datos relativos aos abonos e eventuais deducións nas Tarxetas TMG e TMG XENTE NOVA.....
CATEGORÍA DE DATOS	☐ Pais ou titores ☐ Representante legal ☐ Solicitantes ⊗ Outros: Titulares das Tarxetas TMG e TMG XENTE NOVA.....





3. Os datos persoais dos asinantes e/ou representantes que subscriben o presente Convenio en nome e representación de cada parte, serán tratados coa finalidade de xestionar e executar o presente Convenio. A base xurídica para o tratamento de tales datos atópase no interese lexítimo das Partes en garantir o correcto desenvolvemento e execución da relación contractual.

Os referidos datos persoais conservaranse durante a vixencia do Contrato e posteriormente, sempre que non se exercite o dereito de supresión, durante os prazos legais que resulten de aplicación. En concreto os datos persoais que sirvan como xustificante da relación contractual establecida e/ou do cumprimento de obrigas legais derivadas da mesma, serán conservados, debidamente bloqueados, durante os prazos de conservación que imponha a normativa aplicable, así como durante os prazos de prescrición das accións civís, penais, administrativas ou de calquera outro tipo que puidesen derivarse da relación contractual.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade mediante petición escrita:

- Respecto de ABANCA, a través do enderezo electrónico: privacidad.proveedores@abanca.com
- Respecto da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se establece na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Así mesmo, os interesados poderán dirixir as súas reclamacións derivadas do tratamento dos seus datos á Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es) no caso de considerar vulnerados os seus dereitos.

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento

Establécese unha comisión mixta de seguimento deste convenio, á que serán sometidas as cuestións que expresamente se prevén no mesmo así como aquelas outras que deriven do desenvolvemento deste acordo aínda que non estean expresamente recollidas nel, así como aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está composta por:

- Pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o director xeral de Mobilidade ou a persoa en quen delegue, que a preside.





- Por ABANCA, o Director de Medios de Pago, ou persoa en quen delegue.
- Actuará como secretario ou secretaria unha ou un funcionario da Dirección Xeral de Mobilidade.

Décimo terceira.- Natureza xurídica e normativa aplicable

Este convenio atópase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este convenio rexerá polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Transparencia e publicidade

Este convenio será obxecto de publicación nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa aplicable, e as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo quinta.- Entrada en vigor e vixencia

O presente convenio, que substitúe e dá continuidade ás actuacións previstas no formalizado entre as mesmas partes con data do 18 de decembro de 2020, entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia por un prazo de catro anos, prorrogable por catro anos adicionais previo acordo da Comisión de Seguimento establecida na estipulación décimo segunda do convenio, logo do que será formalizada polas partes asinantes.

Sen prexuízo do anterior, á finalización do período indicado, ABANCA manterá as obrigas de xestión da utilización da TMG Xente Nova en iguais condicións ás que se prevían para a TMG de uso xeral, nos termos do Convenio de colaboración asinado o 10 de abril de 2008. Salvo acordo expreso da Comisión de Seguimento deste último convenio, o mantemento destas condicións non suporá a posibilidade de distribuír novas TMG Xente Nova emitidas previamente que as procedentes da Administración. Neste sentido, máis alá desa data, as partes asinantes manteñen as súas obrigas en relación coa tramitación de recargas derivadas da tarifa Xente Nova ás que tivesen





dereito as persoas titulares da TMG Xente Nova por desprazamentos realizados durante o prazo de vixencia deste convenio.

Non obstante o anterior, a vixencia das previsións referentes á distribución e xestións referentes á TMG Xente Nova estará condicionada ao mantemento da tarifa Xente Nova pola Xunta de Galicia.

Aos catro meses de ter expirado o prazo de vixencia do convenio, ABANCA remitirá á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a liquidación económica do remanente de crédito que, no seu caso, puidese existir derivado de recargas que non fosen finalmente aceptadas polas persoas titulares das tarxetas ou por calquera outro concepto, e este será ingresado na conta xeral da Xunta de Galicia.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Infraestruturas
Mobilidade

Por ABANCA CORPORACIÓN
BANCARIA, S.A

Ignacio Maestro Saavedra

Jorge Martínez Martínez

José Lino Comesaña Calvo

(Documento asinado dixitalmente)





Anexo I. Relación de oficinas de ABANCA nas que se efectuará a emisión das tarxetas, sen cita previa.

Provincia	Oficina	Dirección	Localidade
A CORUÑA	0000-A CORUÑA-OFICINA PRINCIPAL	CL. RUA NUEVA, 30	15003 A CORUÑA
	0002-A CORUÑA-PLAZA LA PALLOZA	CL. CONVERSION ARENAL, 1-3	15006 A CORUÑA
	0009-A CORUÑA-RONDA DE NELLE, 48	RD. NELLE, 48	15005 A CORUÑA
	0011-A CORUÑA-AV. MONELOIS, 69	AV. MONELOIS, 69-75	15009 A CORUÑA
	0014-ARTEIXO	AV. FINISTERRE, 163	15142 ARTEIXO
	0018-BETANZOS-CANTÓN SAN ROQUE	CL. CANTON SAN ROQUE, 3	15300 BETANZOS
	0019-CARBALLO-VAZQUEZ DE PARGA	CL. VAZQUEZ DE PARGA, 15	15100 CARBALLO
	0022-CEE	AV. FERNANDO BLANCO, 59-A	15270 CEE
	0024-CURTIS	AV. PRINCIPAL, 36	15310 CURTIS
	0026-FISTERRA	PZ. ARASOLE, S/N	15155 FISTERRA
	0029-LARACHA	AV. FISTERRA, 63	15145 A LARACHA
	0035-SADA	PZ. PRACIÑA DO CONDE, 2-3	15160 SADA
	0036-SAN PEDRO DE NOS	CL. CUESTA DE LA TAPIA, 46-48	15679 O TEMPLE
	0039-A CORUÑA-HERCULES	AV. HERCULES, 15-17-19	15002 A CORUÑA
	0041-A CORUÑA-CL. BARCELONA	CL. BARCELONA, 6-8	15010 A CORUÑA
	0044-ABEGONDO	LG. SAN MARCOS, 16- BAJO IZQUIERDA	15318 ABEGONDO
	0045-BERGONDO	LG. CRUCE DE SAN ISIDORO	15165 BERGONDO
	0046-O BURGO	AV. LA CORUÑA, 2	15670 O BURGO
	0048-CAMBRE	CL. PARQUE IGLESIA, 1	15660 CAMBRE
	0049-CERCEDA	AV. GALICIA, 16-18	15185 CERCEDA
	0051-OZA DOS RIOS	CL. CASTIÑEIRO, 22- BAJO	15388 OZA DOS RIOS
	0053-PERILLO	AV. ERNESTO CHE GUEVARA, 10	15172 PERILLO
	0056-CARBALLO-MILAGROSA	AV. MILAGROSA, 12	15100 CARBALLO
	0063-A CORUÑA-JUAN FLOREZ, 25	CL. JUAN FLOREZ, 25	15004 A CORUÑA
	0064-OLEIROS	PZ. RABADEIRA, 12	15173 OLEIROS
	0065-RUTIS	AV. VILABOIA, 46 (RUTIS)	15174 VILABOIA
	0072-MEIXENDE	TR. MEIXENDE, 152 B	15008 MEIXENDE
	0073-VILARRODIS	CL. ALC. MANUEL PLATAS VARELA, 81	15141 VILARRODIS
	0081-TEIXEIRO	AV. DR. MARTINEZ PARDO, 55	15310 TEIXEIRO
	0082-VIMIANZO	AV. BLANCO RAJOY, 33	15129 VIMIANZO
	0087-MIÑO	CL. CARREIRA, 57	15630 MIÑO
	0088-MERA	CL. CELSO EMILIO FERREIRO, 12	15177 MERA
	0201-PONTEDEUME	CL. REAL, 15	15600 PONTEDEUME
	0202-XUVIA	CR. CASTILLA, 906	15570 XUVIA
	0205-MUGARDOS	AV. GALICIA, 78	15620 MUGARDOS
	0207-CEDEIRA	PZ. GALICIA, S/N	15350 CEDEIRA
	0208 - SAN SADURNIÑO	CR. FERROL - OVIEDO	15560 SAN SADURNIÑO
	0209-FENE-NATURALES DE FENE	AV. NATURALES DE FENE, 3	15500 FENE
	0211-ARES	AV. SA-JAYEDRA MENESES, 38	15624 ARES
	0213-VALDOVIÑO	CR. FERROL - CEDEIRA, S/N	15552 VALDOVIÑO
	0216-NEDA	AV. ALGECIRAS, 64	15510 NEDA
	0220-A CAPELA	LG. AS NEVES, 41	15613 A CAPELA
	0221-FERROL-ULTRAMAR	CR. CASTILLA, 80	15404 FERROL
	0222-FERROL-CARANZA	PG. CARANZA, C/ JUAN DE AUSTRIA	15406 FERROL
	0225-FERROL-CANIDO	CL. ALEGRE, 24-26	15401 FERROL
	0226-FERROL-PLAZA DE ARMAS	CL. REAL, 73-75	15402 FERROL
	0227-FREIXEIRO	CR. CASTILLA, 417-419	15572 FREIXEIRO
	0228-ORTIGUEIRA	AV. ESCOLA DE GAITAS, 51-53	15330 ORTIGUEIRA
	0230-AS PONTES	AV. GALICIA, 31	15320 AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ
	0233-FERROL - FAJARDO	CR. CASTILLA, 219-221	15404 FERROL
	0236-A GÁNDARA	CL. VIGO, 37- ISO, CR. LA GANDARA	15570 A GANDARA
	0240-SANTA CECILIA	AV. SANTA CECILIA, 101	15570 SANTA CECILIA
	0300-SANTIAGO DE COMPOSTELA-OFICINA PRINCIPAL	CL. MONTERO RIOS, 7	15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0301-NOIA-COMERCIO	CL. COMERCIO, 2	15200 NOIA
	0302-MUROS	PZ. CURRO DA PRAZA, 3	15250 MUROS
	0303-RIBEIRA- RUA GALICIA	CL. RUA DE GALICIA, 34- BAJO	15960 SANTA UXIA DE RIBEIRA
	0304-PADRON	CL. REAL, 21	15900 PADRON
	0305-NEGREIRA	CL. RUA DE CACHURRA, 15	15830 NEGREIRA
	0307-ORDES	AV. ALFONSO SENRA, 104	15680 ORDES
	0308-BOIRO-AV. CONSTITUCIÓN	AV. CONSTITUCION, 22- ESQ. NORB. PIZJUAN	15930 BOIRO
	0310-RIANXO	PZ. CASTELAO, 5	15920 RIANXO
	0311-A POBRA DO CARAMIÑAL	CL. PAZ, 39	15940 A POBRA DO CARAMIÑAL
	0312-PORTO DO SON	CL. CAMIÑO NOVO, 10 (ESQ. CAMPO ATALAIÁ)	15970 PORTO DO SON
	0314 - SANTIAGO-R.CASTRO	CL. ROSALIA DE CASTRO, 89	15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0315-BEMBIBRE	CL. ARCAV, 110- B	15873 BEMBIBRE
	0316 - SANTIAGO-CAS. REALES	CL. CASAS REAIS, 44	15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0317-BERTAMIRÁNS	AV. MAIA, 60	15220 BERTAMIRANS
	0318 - PONTEVEA	CL. IGNACIO VARELA, 22	15883 PONTEVEA
	0319 - SANTIAGO-HUERFANAS	CL. HUERFANAS, 4	15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0320-LESTEDO	AV. DO VINTESEIS, 67	15881 LESTEDO
	0321-TOURO	AV. CASTELAO, S/N	15822 TOURO
	0327-BRION	LG. ALQUEIDON-URB.MONTE BALADO	15865 BRION
	0328-ROIS	CR. PADRON-NOIA, SAMIL	15911 ROIS
	0330-VEDRA	LG. STA. CRUZ DE RIVADULLA	15885 VEDRA
	0331-TRAZO	CR. GRAL. 25 - LG. VIAÑO PEQUEÑO	15687 TRAZO
	0335-SIGUEIRO	AV. COMPOSTELA, 3	15688 SIGUEIRO
	0337-ARCA	AV. LUJO, 16	15821 ARCA
	0341-SANTIAGO DE COMPOSTELA-PLAZA ROXA	PZ. ROXA, 5	15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0343-SANTIAGO DE COMPOSTELA-VISTA ALEGRE	CL. VISTA ALEGRE, 106	15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0345-CALO	CL. CASALONGA, 35	15886 CALO
	0348-SANTIAGO DE COMPOSTELA-CONCHEIROS	CL. CONCHEIROS, 45	15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0349-SANTIAGO DE COMPOSTELA-RESTOLLAL	CL. RESTOLLAL, 79	15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0369-ARZUA	PZ. GALICIA, 1	15810 ARZUA
	0370-MELIDE	LG. CAMPO DE SAN ROQUE, S/N	15800 MELIDE
	0375-SANTIAGO DE COMPOSTELA-REPUBLICA ARGENTI	CL. REPUBLICA ARGENTINA, 12	15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0380-MILLADOIRO	AV. ROSALIA DE CASTRO, 16	15895 MILLADOIRO
	0381-NOIA - CL.PONTEVEDRA	CL. PONTEVEDRA, 5	15200 NOIA
	0384-BOIRO-PRINCIPAL	CL. PRINCIPAL, 57	15930 BOIRO
	0386-SANTIAGO DE COMPOSTELA-PG. TAMBRE	PG. TAMBRE, VIA EDISON, CTRO.CIVICO	15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0392-SANTIAGO DE COMPOSTELA-FONTIÑAS, 71	CL. DAS FONTIÑAS, 71-73	15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0396-SANTIAGO-AV.FERROL	AV. FERROL, 38	15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	0705-CARBALLO - CL.BARCELONA	CL. BARCELONA, 11	15100 CARBALLO
	0712-SANTA CRUZ	CL. VIÑAS BABILONIA, 3	15179 PORTO DE SANTA CRUZ
	0719-CACHEIRAS	CR. CACHEIRAS, 29- ED.MUÍÑOS- BAJO 3A	15883 CACHEIRAS
	3101- BETANZOS-CLAUD.PITA	CL. CANTON CLAUDINO PITA, 2	15300 BETANZOS
	3106- CARRAL	AV. MARTIRES, 31	15175 CARRAL
	5158-RIBEIRA-PZ. CONCELLO	PZ. CONCELLO, 3	15960 SANTA UXIA DE RIBEIRA





Provincia	Oficina	Dirección	Localidade
LUGO	0106-BECERREA	CL. CARLOS III, 2	27640 BECERREA
	0109-BURELA	AV. ARCADIO PARDIÑAS, 62	27880 BURELA
	0111-CASTRO RIBEIRAS LEA	CL. GARCIA ABAD, 6	27260 CASTRO RIBEIRAS LEA
	0112-CASTROVERDE	CL. ROSALIA DE CASTRO, 59	27120 CASTROVERDE
	0114-CHANTADA	AV. MONFORTE, 12	27500 CHANTADA
	0118-A FONSGRADA	AV. GALICIA, 11	27100 A FONSGRADA
	0119-FOZ	AV. DA MARIÑA, 1	27780 FOZ
	0120-FRIOL	AV. LA CORUÑA, 1	27220 FRIOL
	0123-GUNTIN	CR. OURENSE, S/N	27211 GUNTIN
	0124-MEIRA (LUGO)	AV. LUGO, 35	27240 MEIRA
	0125-MONDOÑEDO	PZ. CONCELLO, S/N	27740 MONDOÑEDO
	0126-MONFORTE-CARDENAL	CL. CARDENAL, 18	27400 MONFORTE DE LEMOS
	0132-PALAS DE REI	AV. LUGO, 10	27200 PALAS DE REI
	0136-A POBRA DE SAN XIAO	AV. BENIGNO QUIROGA, S/N	27360 A POBRA DE SAN XIAO
	0138-QUIROGA	CL. REAL, 54	27320 QUIROGA
	0139-RABADE	CL. GABRIELA NIETO CHAIN, 1	27370 RABADE
	0140-RIBADEO	CL. RODRIGUEZ MURIAS, 2	27700 RIBADEO
	0143-SARRIA	CL. MARQUESA DE CASA LOPEZ, 4	27600 SARRIA
	0148-VILALBA	CL. PRAVIA, 31	27800 VILALBA
	0150-VIVEIRO-PASTOR DÍAZ	CL. PASTOR DIAZ, 20-TR. DA MARIÑA, 17	27850 VIVEIRO
	0156-O CORGO	CR. NACIONAL VI, KM. 487,8	27163 O CORGO
	5152-LUGO-PROGRESO	CL. PROGRESO, 20	27001 LUGO

Provincia	Oficina	Dirección	Localidade
OURENSE	0405-O BARCO DE VALDEORRAS	PZ. ANDRES PRADA, 1- ESQ.DR.PEREZ LISTA	32300 O BARCO DE VALDEORRAS
	0410-XINZO DE LIMIA - AV. OURENSE	AV. ORENSE, 12	32630 XINZO DE LIMIA
	0412-BANDE	CL. POMBAL, 2	32840 BANDE
	0415-VIANA DO BOLO	CL. NICOLAS TENORIO, 30	32550 VIANA DO BOLO
	0417-ALLARIZ	CL. EMILIA PARDO BAZAN, 4	32660 ALLARIZ
	0418-AMOEIRO	CL. CAMPO DO SOUTO, 12	32170 AMOEIRO
	0424-CASTRO CALDELAS	AV. OURENSE, 20	32760 CASTRO CALDELAS
	0430-A GUDIÑA	CL. BEATO SEBASTIAN APARICIO, 82	32540 A GUDIÑA
	0445-A POBRA DE TRIVES	PZ. MAYOR, 2	32780 A POBRA DE TRIVES
	0470-A VALENZA	CR. OURENSE-CELANOVA, 100-102	32002 A VALENZA
	0473-OURENSE-RAMON CABANILLAS	CL. RAMON CABANILLAS, 2-3	32004 OURENSE
	0476-SAN CIBRAO DAS VIÑAS - POLIGONO SAN CIBRAO	PG. INDUSTRIAL SAN CIBRAO, CALLE 4	32901 SAN CIBRAO DAS VIÑAS
	5168-VERÍN	CL. LUIS ESPADA, 35-37	32600 VERIN
	5257-OURENSE-AV. DAS CALDAS	AV. DAS CALDAS, 15	32001 OURENSE
	5259-OURENSE-AV.ZAMORA	AV. ZAMORA, 106-108	32005 OURENSE
	5260-OURENSE - LA TORRE	CL. CURROS ENRIQUEZ, 1	32003 OURENSE
	5263-OURENSE-ERVEDELO, 31	CL. ERVEDELO, 31	32002 OURENSE
	5267-OURENSE-PEÑA TREVINCA	CL. PEÑA TREVINCA, 22	32005 OURENSE
	5287-O CARBALLIÑO	CL. NORTE, 1	32500 O CARBALLIÑO
	5292-CELANOVA	AV. SAN ROSENDO, 7	32800 CELANOVA
	5303-XINZO DE LIMIA - AV. MADRID	AV. MADRID, 33	32630 XINZO DE LIMIA
	5313-MACEDA	AV. AURELIANO FERREIRO, 13	32700 MACEDA
	5326-PEREIRO DE AGUIAR	PZ. LA CAPELA, S/N	32710 O PEREIRO DE AGUIAR
	5332-RIBADAVIA	CL. PROGRESO, 46	32400 RIBADAVIA
	5334-A RUA	CL. PROGRESO, 64	32350 A RUA





Provincia	Oficina	Dirección	Localidade
PONTEVEDRA	0500-PONTEVEDRA – AUGUSTO BESADA	CL. AUGUSTO GONZALEZ BESADA, 1-5	36001 PONTEVEDRA
	0507-RODEIRO	CR. LALIN-CHANTADA, 13	36530 RODEIRO
	0514-MARIN-ESTRIBELA	AV. ORENSE, 80	36910 MARIN
	0544-A BARCA	CL. A BARCA, 32	36005 SAN SALVADOR POIO
	0570-PONTEVEDRA-EDUARDO PONDAL	CL. EDUARDO PONDAL, 66	36003 PONTEVEDRA
	0576-A CAÑIZA	CL. PROGRESO, 77	36880 A CAÑIZA
	0577-SALCEDA DE CASELAS	CL. VICTORIANO PEREZ VIDAL, 1	36470 SALCEDA DE CASELAS
	1073-VILAGARCIA DE AROUSA - DR.TOURÓN	AV. DEL DOCTOR TOURON, 46	36600 VILAGARCIA DE AROUSA
	1074-VILAGARCIA DE AROUSA-AS CAROLINAS	AV. AS CAROLINAS, 32	36600 VILAGARCIA DE AROUSA
	1194-GONDOMAR	CL. ANGEL URZAIZ, 4	36380 GONDOMAR
	1219 - O PORRIÑO-B.AIRES	AV. BUENOS AIRES, 20	36400 O PORRIÑO
	5010-ALDÁN	CL. SAN CIBRAN, 15	36945 ALDAN
	5011-ARBO	CL. VAZQUEZ ESTEVEZ, 7	36430 ARBO
	5012-ARCADE	AV. XOSE SOLLA, 1	36690 ARCADE
	5015-BAIONA	CL. CARABELA LA PINTA, 10	36300 BAIONA
	5017-BUEU	CL. EDUARDO VINCENTI, 29	36930 BUEU
	5019-CALDAS DE REIS	CL. JOSE SALGADO, 2	36650 CALDAS DE REIS
	5021-CAMBADOS	AV. GALICIA, 15	36630 CAMBADOS
	5022-CANGAS	AV. EUGENIO SEQUEIROS, 13	36940 CANGAS
	5026-CERDEDO	CR. OURENSE, 41	36130 CERDEDO
	5030-CHAPELA	AV. VIGO, 222	36320 CHAPELA
	5031-A ESTRADA	CL. CALVO SOTELO, 9	36680 A ESTRADA
	5033-FORNELOS DE MONTES	PZ. LA IGLESIA, 17	36847 FORNELOS DE MONTES
	5038-A GUARDA	CL. CONCEPCION ARENAL, 44	36780 A GUARDA
	5040-VIGO-GRAN VIA, 5	AV. GRAN VIA, 5	36204 VIGO
	5041-LALÍN	CL. JOAQUIN LORIGA, 37	36500 LALIN
	5047-MOAÑA-CONCEPCIÓN ARENAL	CL. CONCEPCION ARENAL, 170	36950 MOAÑA
	5048-MONDARIZ	CL. DOMINGO BLANCO LAGE, 7	36870 MONDARIZ
	5052-NIGRAN	AV. VAL MIÑOR, 1	36350 NIGRAN
	5054-O PORRIÑO - RAMÓN GONZÁLEZ	CL. RAMON GONZALEZ, 19	36400 O PORRIÑO
	5056-PONTEAREAS-BUGALLAL	PZ. BUGALLAL, 3	36860 PONTEAREAS
	5057-PONTE CALDELAS	AV. VIGO, 4	36820 PONTE CALDELAS
	5059-REDONDELA-PZ. RIBADAVIA	PZ. RIBADAVIA, 2	36800 REDONDELA
	5061-SANXENXO	CL. IGREXIA, 2	36960 SANXENXO
	5065- VIGO-TRAVIESAS	AV. GRAN VIA, 182	36211 VIGO
	5066-TUI - CL. COMPOSTELA	CL. COMPOSTELA, 1	36700 TUI
	5067-VILAGARCIA DE AROUSA - PRAZA GALICIA	Pz. Galicia, 18	36600 VILAGARCIA DE AROUSA
	5070-VILANOVA DE AROUSA	PZ. OLMOS, 2	36620 VILANOVA DE AROUSA
	5071-VILA DE CRUCES	CL. VAZQUEZ, 12	36590 VILA DE CRUCES
	5072-SABARIS	CL. JULIAN VALVERDE, 1	36393 SABARIS
	5078-CESANTES	CL. ALTO DO TRAS, 23	36693 CESANTES
	5079-CANGAS-COIRO	AV. OURENSE, 27	36947 COIRO
	5081-VILABOA	CL. RIOMAIOR, 3	36142 SANTA CRISTINA DE COBRES
	5092-PUXEIROS	AV. PUXEIROS, 52	36416 PUXEIROS
	5101-VILATUXE	CL. CARRETERA, 9	36519 VILATUXE
	5102-DOMAIO	CL. PALMAS, 85	36957 DOMAIO
	5106-MORAÑA	CL. RUA N. DOCE, 2	36660 SANTA LUCIA DE MORAÑA
	5112-PONTECESURES	CL. SAN LUIS, 41	36640 PONTECESURES
	5115-SALVATERRA DE MIÑO	CL. DO MIÑO, 17	36450 SALVATERRA DE MIÑO
	5118-HIO	LG. IGLESARIO, 57	36945 HIO
	5154-PONTEVEDRA-J.BAUTISTA ANDRADE	CL. J.B.ANDRADE, 50	36005 PONTEVEDRA
	5205-A RAMALLOSA	CL. MANUEL LEMOS, 1	36379 A RAMALLOSA
	5209-REDONDELA-ALAMEDA	CL. ALFONSO XII, 1	36800 REDONDELA
	5411-BARRO	CL. BALADAS, 1-SAN ANTONIÑO-PERDECANAI	36194 SANTO ANTONIÑO
	5419-COMBARRO	CL. CAMIÑO REAL, 2	36993 COMBARRO
	5426-O GROVE	CL. RUA DA PRAZA, 2	36980 O GROVE
	5430-MARIN-JAIME JANER	CL. JAIME JANER, 9	36900 MARIN
	5443-SILLEDA	CL. RUA TRASDEZA, 94- ESQ.M.COLMEIRO	36540 SILLEDA
	5571 - VIGO-TEIXUGUEIRAS	CL. TEIXUGUEIRAS, 14	36212 VIGO

